

MEMORIA FINAL

**EXHUMACIÓN NA FOSA DO CEMITERIO DE SANTA EULALIA DE
VILACOBA, LOUSAME**

Grupo HISTAGRA, Universidade de Santiago de Compostela

ÍNDICE

1. Antecedentes	3
2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización	5
3. Fichas individuais das vítimas	10
4. Documentación do espazo a intervir	18
5. Recoñecemento e estudo do espazo	19
6. Intervención na fosa: sondaxes, escavación, inhumación e difusión	23
Bibliografía	28
Fontes	29

1. Antecedentes



Figura 1. Igrexa e cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba (Lousame) na actualidade. Fonte: Google Earth




Figura 2. Igrexa e cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba (Lousame) en 1956-1957. Fonte: voo americano, serie B, 1956-1957.

O antigo cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba localízase no concello de Lousame, parte do partido xudicial de Noia e pertencente á provincia da Coruña. Está situado no adro da igrexa parroquial, unha construción de estilo barroco, de planta cadrada e cunha única nave rematada na cabeceira pola capela maior. Froito das continuas ampliacións sufridas, elévase unha pequena torre do campanario engadida á sancristía pola parte posterior. Conta cun pequeno cemiterio no adro onde se poden apreciar restos de tumbas e apenas unha ducia de ringleiras de nichos situados na parte posterior da Igrexa que datan de comezos do século XX. En 1999 inaugurouse un novo cemiterio, polo que moitos veciños decidiron trasladar os restos dos seus familiares. Algunhas tumbas, incluso, foron baleiradas pero as lápidas deixáronse no lugar, polo que, actualmente pode apreciarse no terreo os restos desta práctica, con varios afundimentos de terra nas antigas tumbas. Con todo, á hora de levar a cabo as sondaxes puidemos comprobar que tamén aconteceu á viceversa. E dicir, nalgúns casos deixáronse os restos no antigo cemiterio e o que se levaron os familiares para o novo cemiterio foron as lápidas, coa idea dun posterior reaproveitamento.

Na actualidade dito espazo non conta con ningunha sinalización nin homenaxe físico que o sinale como lugar de memoria. A única constancia que temos dalgún acto polo recordo das vítimas, grazas aos testemuños dunha das vítimas alí enterradas, é unha misa en homenaxe a Manuel García Hermo no ano 1973. Non se atopou ningunha asociación local que tivese traballado sobre o lugar, pero si que recibimos o apoio e a colaboración da Comisión pola recuperación da Memoria Histórica da Barbanza. Dita asociación púxonos en contacto con parte da familia Hermo residente en Ribeira, concello no que vivía unha das vítimas enterradas no cemiterio de Vilacoba. Deste xeito, o punto de partida das nosas investigacións foron unha mestura destas circunstancias, os recordos da familia Hermo e o traballo previo realizado por Nomes e Voces, un proxecto interuniversitario que estivo activo durante 5 anos

que, entre outras tarefas, recolleu nun mapa as fosas galegas e identificou as vítimas do Golpe de Estado e Guerra Civil entre 1936 e 1939, postas a disposición da cidadanía nunha base de datos pública na páxina web.

2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Tal e como comentamos anteriormente, o primeiro recurso do que se botou man para unha primeira aproximación, tanto da fosa, como da localización das vítimas, foi a base de datos nominal de Nomes e Voces. Filtramos a busca por lugar de morte e enterramento e, en función das fichas individuais, fomos deliberando aquelas que puideran estar enterradas na fosa do cemiterio de Vilacoba. Tras esta primeira busca, completamos a investigación coa bibliografía local, aquela que tratase o sucedido durante o Golpe e a Guerra Civil no lugar. Como resultado, atopamos información de tódalas vítimas rexistradas en Nomes e Nomes, salvo unha, Avelino Méndez Suárez. Neste caso, a única fonte que nos remite ao seu enterramento no cemiterio é o traballo previo de Nomes e Voces. Nos demais casos, puidemos seguir, grazas ás investigacións dos autores, a traxectoria vital das vítimas alí enterradas, en relación coa violencia sufrida. Posteriormente, nas fichas individuais recolleremos as casuísticas persoais de cada unha delas, un total de cinco persoas. A primeira é Manuel García Hermo, a única vítima da que temos constancia que asasinaron a inicios do Golpe, o 30 de agosto de 1936, momento no que se da o pico de mortes máis elevado de toda a guerra civil en Galicia. Precisamente, a súa familia foi a que iniciou os trámites para poder á exhumación da fosa de Vilacoba, temos o rexistro xenético da súa filla e un contacto directo con dous dos seus netos e unha das súas bisnetas.

As tres vítimas restantes das que puidemos completar a súa traxectoria foron asasinadas posteriormente, un momento no que a estratexia violenta do Golpe e da guerra mudara considerablemente e no

que as mortes descenden considerablemente, con respecto aos primeiros meses. Os asasinatos de Perfecto Félix Vilas, Antonio Vilas e María Josefa Becerra (máis coñecida comunmente como Mari Pepa) tiveron que ver coas frecuentes batidas que as forzas de orde realizaron durante toda a retagarda en Galicia para dar captura a aquelas persoas que se atopaban no punto de vista dos golpistas. Foi a comezos de 1938 cando tivo lugar a persecución e o asasinato de Perfecto, buscado por non presentarse ante as autoridades tras ser chamado a filas. Posteriormente, matarían a seu irmán Antonio e á muller que lle deu refuxio no seu intento por ocultarse e evitar a persecución, María Josefa. Este feito coñécese como “o triple crime de Marselle”, suceso que, no seu momento, os investigadores locais documentaron grazas a fontes diversas, entre a que destaca a oral.

Rastrexamos no arquivo municipal de Lousame e no arquivo do reino de Galicia, calquera pista sobre como se procedeu con esas mortes. Considerando “a violencia de 1936” como un acto planificado e verticalmente dirixido, buscamos información que tivese que ver con calquera dos feitos sinalados, dende a planificación ata a execución, pasando polas indicacións específicas do lugar e entorno dos enterramentos.

Un dos puntos clave sobre as mortes era contar cos rexistros de defuncións para corroborar o asasinato e ver que tipo de información se recollía neles, especialmente á relacionada co lugar do enterramento. Este último punto tratarémolo posteriormente, pero no referido ás circunstancias das mortes, os rexistros atopados no arquivo municipal de Lousame corroboraban os datos recompilados previamente, tendo en conta os eufemismos utilizados polos empregados e funcionarios do xulgado naqueles momentos. Os “paseos” e as causas da morte eran descritos na documentación da época practicamente de xeito sistemático con expresións que falseaban a realidade tipo “hemorragia interna debido a heridas de proyectiles de armas de fogo”, “heridas por armas de fogo”

e algunhas tan específicas como as atopadas no rexistro de defunción de Perfecto Félix Vilas, falecido a causa de “herida producida por arma de grego con agujero de entrada por la occipital y por el lado izquierdo a la altura del pabellón de la oreja y con la salida por la parte superior del paretal izquierdo”.

Atopamos tamén unha serie de expedientes instruídos polo xulgado de instrución de Noia durante a guerra civil con motivo da aparición de cadáveres. Polos títulos dos propios expedientes seleccionamos aqueles que tiveran que ver co lugar de referencia. Consultamos o de Manuel García Hermo, pero dita documentación nada nos achegou máis alá da información previamente recompilada relativa á data de morte e lugar de aparición do cadáver.

De xeito paralelo, fixemos buscas sistemáticas na prensa da época para comprobar o eco destes sucesos nos medios de comunicación, tamén realizamos diferentes pescudas en buscadores de organismos oficiais, como PARES (Portal de Archivos Españoles). Tamén fixemos unha busca no arquivo de referencia para o noso territorio, no referente a documentación de xurisdición militar, o arquivo intermedio del noroeste. Apenas atopamos información relevante e, como resultado, concluimos que ningunha das vítimas localizadas fora procesada nas miles de causas militares incoadas en Galicia entre 1936 e 1939 por delitos relacionados co Golpe e a Guerra (a maioría deles adoitaban ser por rebelión, auxilio á rebelión ou deserción).

Cabe mencionar neste punto, o traballo específico que se levou a cabo para contrastar unhas das informacións previas que nos chegaran sobre a traxectoria vital dunha das vítimas, Manuel García Hermo. O dato en concreto foi o feito de formar parte do comité que funcionou en Ribeira (igual que noutros grandes núcleos de Galicia e no resto de España) en defensa da República ante a noticia do golpe de Estado militar. É importante deterse neste feito porque este foi un dos argumentos empregados pola xustiza militar para poñer en marcha a maquinaria da

violencia por medio dos xuízos militares. Foi unha das acusacións máis salientables dos fiscais militares á hora de argumentar a *inventio* xurídica pola que foron considerados delincuentes e culpables, veciños que actuaron dentro do marco legal existente. As manifestacións da violencia golpista de maior intensidade recaeron nunha parte da sociedade que participou de forma activa e visible na defensa da República. Pero isto non significa que toda a estratexia violenta dos sublevados se explique en base a este criterio. Outras lóxicas operaron neste fenómeno e moitas tiveron que ver coa intención de acadar dunha forma áxil e efectiva o poder. Non obstante, posteriormente, o relato da memoria, conformado durante o transcurso do réxime franquista, adoitou buscar explicación ás lóxicas da violencia e dos asasinatos en base a un comportamento político activo e visible.

No caso de Manuel, non se puido comprobar este dato, a bibliografía específica ou non menciona este feito ou faino dunha forma moi confusa. O diario de Julio Silva, sinala entre os membros do comité un tal “Manuel García” e de aí pode vir a confusión. Pero esta persoa era alcumada “O Asturiano”, encausado e declarado “en rebeldía” por non acudir ante as autoridades militares, chófer e directivo da sección de transporte do SGT. As vagas referencias na bibliografía tamén poden traer confusión con outro “Manuel”, veciño da comarca, neste caso, Manuel Hermo Vidal, tenente de alcalde da Pobra do Caramiñal (de onde era natural Manuel García Hermo), encausado no mes de marzo de 1937 e executado un mes despois. Por último, comprobouse a causa militar na que xulgaron a todos os membros do comité de Riberia e non se menciona a Manuel García Hermo, nin os testemuños das vítimas, nin por parte das autoridades golpistas en ningún momento do procedemento. Sí aparece de novo, Manuel García “El Asturiano”, sinalado como “culpable”, pero foi declarado en rebeldía por non presentarse ante as autoridades¹.

¹ AIMNOR, causa 456/36.

Por último, no referido á documentación eclesiástica, non tivemos acceso a ningún tipo de información, nin por parte do cura parroquial, nin tampouco no arquivo diocesano. Dende o punto de vista de localización e identificación das vítimas, tratamos de consultar o rexistro de defuncións para ver que tivo de datos se recollían e seleccionar aqueles que puideran ser vítimas de paseos e fosen enterradas en Vilacoba. As autoridades eclesiásticas alegaron que segundo a Lei de protección de datos, para 1936 só podían consultar ese tipo de información os familiares, por petición previa expresa. Así procedeu a familia de Manuel García Hermo e como resposta recibimos que non constaba rexistrado.

3. Fichas individuais das vítimas

MANUEL GARCÍA HERMO		
		
Datos persoais	Natural de	A Pobra do Caramiñal
	Veciño de	Ribeira (dende 1923), calle Venecia, nº 100
	Idade	37 anos
	Profesión	Xastre
	Filiación/s	-
	Data e lugar de morte	30/8/1936, paseado en Comparada, km. 17 estrada Noia-Padrón
	Resumo	<p>Estaba casado con Carmen Neira Amado e tiña nove fillos. Fixo vida “normal” ata o día que o asasinaron. A última hora da tarde, viña do cine do “Filipino, situado na rúa Galicia (preto da súa casa) e o garda civil alcumado “O Tatelo” foi a darlle conversa mentres facía tempo para que chegara un grupo de falanxistas de Vigo que o meteron á forza no coche negro dos Barrera. Levárono fóra do concello e foi asasinado no km. 17 da estrada que une Noia con Padrón, á altura de Comparada. Os veciños do lugar deron aviso e o xulgado de Noia procedeu a instruír un expediente sobre a aparición do cadáver e, posteriormente, levantaron o corpo e foi enterrado, en presenza de testemuños do lugar, no cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba, no concello de Lousame.</p> <p>Ao corpo fíxoselle a autopsia e pode presentar impactos de bala no corpo e nas pernas. Ademais, segundo testemuños</p>

		<p>dos familiares, a lousa que cubre a fosa pode ter unha cruz negra.</p> <p>En 1973 a familia faille unha misa na súa homenaxe no cemiterio de Vilacoba e o cura indicalle o lugar da fosa, situada á man esquerda da porta de entrada ao adro. Os familiares recordan que o cadáver foi atopado con balazos no corpo. Contamos co rexistro xenético da filla e a posibilidade de tomar mostras a dous netos (liña descendente de varón).</p> <p>Con respecto ás súas medidas, non temos constancia, debido a que unicamente temos coñecemento de que foi chamado a filas en 1919, pero foi excluído por pertencer ás matriculas de pesca e navegación.</p>
<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Fontes relacionadas</p>	<p>Causa militar</p>	<p>Non consta como encausado en ningunha causa militar, segundo os datos do arquivo militar de noroeste. Con todo, consultouse a causa 456/36 pola que incoaron e condenaron aos membros do comité en defensa pola República organizado en Ribeira nos días do Golpe.</p>
	<p>Bibliografía</p>	<p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>A Guerra civil en Lousame e Noia: 1938-1939: o tripe crime de Marselle, a traxedia do Baleares</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1999.</p> <p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1937, a guerra civil en Lousame e Noia : o fusilamento de David Mariño Ramos (Presidente da C.N.T., Lousame: Concello de Lousame, 1997</i></p> <p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1936, a guerra civil en Lousame e Noia : testemuñas dunha represión</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1995.</p> <p>Xesús Pérez Besada, “Aspectos da represión franquista no concello de Ribeira (1936-1939)”, <i>Barbantia</i>, nº 2 (2006), pp. 121-131.</p> <p>José Antonio Pérez Fernández, “Voces da memoria, Ribeira da II República á represión”, <i>Barbantia</i>, nº 2 (2006), pp. 132-141.</p> <p>José Antonio Pérez, “Guerra civil e represión nos concellos da Pobra do Caramiñal e Ribeira”, en <i>VVAA, Actas das III Xornadas de Historia e Cultura. A II República e a guerra civil na bisbarra da Barbanza</i>, Porto do Son: concello do Porto do Son, 2004, pp. 39-48.</p> <p>Elixio Villaverde García, <i>Heroes e mártires. A Segunda República e a guerra civil no Barbanza</i>, Santiago de Compostela: Tórculo.</p> <p>Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, <i>Do Sar o Monte Louro. Memorial da represión, 1936-1050</i>, A Coruña: Deputación da Coruña, 2019.</p>

Entrevistas	Terra e Memoria, fondo Historga, nº 15 e 52
Rexistro de defuncións	Si
Outras	<p>Contacto con familiares</p> <p>Base de datos de Nomes e Voces</p> <p>Perfecto García Neira, “Honrarás a tu padre y a tu madre”, <i>La Voz de Galicia</i>, 20/12/2001, ligazón de consulta: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2001/12/20/honraras-tu-padre-tu-madre/0003_884043.htm</p> <p>M.F. “Una ribeirense pretende exhumar el cadáver de su abuelo represaliado”, <i>Faro de Vigo</i>, 30/3/2006, ligazón de acceso: https://www.farodevigo.es/arousa/2006/03/30/ribeirense-pretende-exhumar-cadaver-abuelo-18244114.html</p> <p>Manuel Monge, “As vítimas do franquismo en Ribeira”, <i>La Voz de Galicia</i>, 17/3/2021, ligazón de acceso: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/ribeira/2021/03/17/span-langglas-vitimas-do-franquismo-ribeiraspan/0003_202103B17C4991.htm</p>

PERFECTO FÉLIX VILAS ROMERO		
Datos persoais	Natural de	Lousame
	Veciño de	Lousame
	Idade	-
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data e lugar de morte	Pinar de Marselle-Vilacoba, paseado o 22/2/1938
	Resumo	<p>Na chamada a filas de 1933 foi declarado inútil, pero a finais de outubro de 1937 volve a ser chamado e declarado útil, polo que decide escapar para evitar ir á fronte de guerra. Nunha batida, atópano nun terreo da granxa dos Conde (Vilacoba) e foi asasinado cun tiro na espalda e outro na cabeza. Velárono no mesmo lugar onde o mataron por orde expresa da Garda Civil e foi cuberto cunha pouca palla. Posteriormente, foi enterrado na fosa do cemiterio de Vilacoba xunto co seu irmán, Antonio, e María Josefa Becerra, persoa que lle dera refuxio. Os corpos foron trasladados nunha escada por veciños do lugar e foron enterrados na mesma cova.</p> <p>Medidas: 1,75 m. de alto e 83 cm. de perímetro torácico</p>
Fontes relacionadas	Causa militar	-
	Bibliografía	<p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>A Guerra civil en Lousame e Noia: 1938-1939: o tripe crime de Marselle, a traxedia do Balears</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1999.</p> <p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1937, a guerra civil en Lousame e Noia: o fusilamento de David Mariño Ramos (Presidente da C.N.T.)</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1997</p> <p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1936, a guerra civil en Lousame e Noia: testemuñas dunha represión</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1995.</p> <p>Elixio Villaverde García, <i>Heroes e mártires. A Segunda República e a guerra civil no Barbanza</i>, Santiago de Compostela: Tórculo.</p> <p>Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, <i>Do Sar o Monte Louro. Memorial da represión, 1936-1050</i>, A Coruña: Deputación da Coruña, 2019.</p>

	Entrevistas	Terra e Memoria, fondo Historga, n° 112 e 1720
	Rexistro de defuncións	Si
	Outras	Base de datos de Nomes e Voces

ANTONIO VILAS ROMERO		
Datos persoais	Natural de	Lousame
	Veciña de	Lousame
	Idade	18 anos
	Profesión	Traballaba nas minas de San Fins
	Filiación/s	-
	Data e lugar de morte	Vilacoba, paseado o 24/2/1938
	Resumo	No velorio de seu irmán, Perfecto Félix, foi levado pola Garda Civil. Pegáronlle dous tiros na parte dereita da cabeza, xusto enriba da orella. Foi enterrado xunto co seu irmá e María Josefa Becerra.
Fontes relacionadas	Causa militar	-
	Bibliografía	<p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>A Guerra civil en Lousame e Noia: 1938-1939: o tripe crime de Marselle, a traxedia do Baleares</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1999.</p> <p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1937, a guerra civil en Lousame e Noia: o fusilamento de David Mariño Ramos (Presidente da C.N.T.)</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1997</p> <p>Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1936, a guerra civil en Lousame e Noia: testemuñas dunha represión</i>, Lousame: Concello de Lousame, 1995.</p> <p>Elixio Villaverde García, <i>Heroes e mártires. A Segunda República e a guerra civil no Barbanza</i>, Santiago de Compostela: Tórculo.</p> <p>Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, <i>Do Sar o Monte Louro. Memorial da represión, 1936-1050</i>, A Coruña: Deputación da Coruña, 2019.</p>
	Entrevistas	Terra e Memoria, fondo Historga, nº 112 e 1720
	Rexistro de defuncións	Si
	Nº de fosa	-
	Outras	Base de datos de Nomes e Voces

MARÍA JOSEFA BECERRA LAÍÑO		
Datos persoais	Natural de	Lousame
	Veciña de	Lousame
	Idade	48
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data e lugar de morte	Cruz de Marselle-Vilacoba, paseada o 24/2/1938
	Resumo	Escondeu a Perfecto Félix Vilas na casa e ao día seguinte de asinalo, fónrona buscar ao velorio e matárona. Posteriormente, foi enterrada xunto con Perfecto e Antonio na mesma cova no cemiterio de Vilacoba
Fontes relacionadas	Causa militar	-
	Bibliografía	Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>A Guerra civil en Lousame e Noia: 1938-1939: o tripe crime de Marselle, a traxedia do Baleares</i> , Lousame: Concello de Lousame, 1999. Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1937, a guerra civil en Lousame e Noia: o fusilamento de David Mariño Ramos (Presidente da C.N.T.)</i> , Lousame: Concello de Lousame, 1997 Xerardo Agrafoxo Pérez, <i>1936, a guerra civil en Lousame e Noia: testemuñas dunha represión</i> , Lousame: Concello de Lousame, 1995. Elixio Villaverde García, <i>Heroes e mártires. A Segunda República e a guerra civil no Barbanza</i> , Santiago de Compostela: Tórculo. Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, <i>Do Sar o Monte Louro. Memorial da represión, 1936-1050</i> , A Coruña: Deputación da Coruña, 2019.
	Entrevistas	Terra e Memoria, fonfo Historga, nº 112 e 1720
	Rexistro de defuncións	Si
	Nº de fosa	-
	Outras	Base de datos de Nomes e Voces

AVELINO MÉNDEZ SUÁREZ		
Datos persoais	Natural de	Asturias (Oviedo), alcumado “O Asturiano”
	Veciño de	-
	Idade	24 anos
	Profesión	Obreiro
	Filiación/s	-
	Data e lugar de morte	A Feosa, Vilacoba-Lousame, paseado o 24 de abril de 1939
	Resumo	Formou parte dun grupo de fuxidos que o 14 de abril de 1937 cometeu un roubo nas minas de San Fins. Posteriormente, intentaron marchar para Asturias e sumarse alí á loita contra os sublevados. Non o conseguen e volven aos montes de Lousame á “clandestinidade”.
Fontes relacionadas	Causa militar	-
	Bibliografía	Lorena Cuevas Buján e Eliseo Fernández Fernández, <i>Breve Historia da Coluna Sanfins</i> , Santiago de Compostela: CNT Galiza, 2016.
	Entrevistas	Terra e Memoria, fondo Historga, nº 112 e 1720
	Rexistro de defuncións	Si
	Nº de fosa	-
	Outras	Base de datos de Nomes e Voces

4. Documentación do espazo a intervir

Buscamos información sobre o cemiterio antigo de Vilacoba por diferentes vías, pero ningunha dela deu resultados favorables. O arquivo municipal unicamente albergaba documentación sobre o cemiterio de Lousame, polo que debido á titularidade eclesiástica do espazo, puxémonos en contacto co arquivo diocesano. Non obstante, a resposta recibida foi negativa, non tiñan nada referente a Vilacoba e os rexistros de defuncións, para os anos da guerra unicamente poderían acceder a eles os familiares interesados (tal e como comentamos anteriormente).

O cura da parroquia tampouco tiña constancia da localización de documentación que nós andabamos buscando, o libro da fosa común do cemiterio ou planos históricos do espazo. Por tanto, contamos con grandes atrancos para coñecer a historia do espazo a intervir e os poucos datos obtidos foron grazas á fonte oral e ás imaxes históricas do cemiterio rexistradas polo voo americano de 1956 (figura 2). O cemiterio vello sufriría moi poucos cambios, por non dicir ningún, durante o século XX, ata o ano 1999, momento no que se constrúe un novo cemiterio moi próximo, ao que se trasladan a maioría dos corpos. Como resultado, na actualidade, o cemiterio vello de Vilacoba non se usa como tal e unicamente quedan escasos vestixios daquelas persoas que non quixeron mover os enterramentos dos seus familiares.

5. Recoñecemento e estudo do espazo

As carencias relativas a documentación que dera conta da historia do cemiterio e da xestión que levaron a cabo as autoridades eclesiásticas dos enterramentos, lévanos a concluír a localización concreta da fosa en base aos testemuños orais dos veciños do lugar e dos familiares dunha das persoas alí enterradas, Manuel García Hermo. Por un lado, en 1973, a súa familia celebra unha misa en homenaxe á súa memoria na igrexa de Santa Eulalia de Vilacoba e o cura da parroquia sinalalles o lugar onde os “paseados” foron enterrados. Estas referencias fan alusión a unha parte do cemiterio onde apenas se atopan tumbas, debido aos traslados de corpos que se efectuaron a partir da inauguración do novo cemiterio en 1999. Polo tanto, poden apreciarse certas alteracións no terreo e, incluso, irregularidades e buratos onde antes estaban situados os corpos que foron movidos. Dita zona esta situada entre as dúas portas de entrada, é unha área bastante extensa a carón da parte traseira da igrexa (figura 3). De forma concreta, visitamos o lugar con dous netos e unha das noras da vítima, asistentes nese acto homenaxe, e todos eles conclúen que o lugar exacto do enterramento é á beira dunha zona de muro que ten certos trazos particulares, pois está revestida dun material que parece formigón (figura 4).

Por outro lado, outras versións ofrecidas polos veciños de Vilacoba sinalan que a zona na que adoitaban enterrarse aqueles individuos que foran rexeitados pola Igrexa, como os que non comulgaban cos dogmas ou os que foron “fusilados na guerra”, eran enterrados nunha zona coñecida vulgarmente como “a charqueira” situada dentro desta área sinalada anteriormente. De forma concreta, no espazo máis achegado á porta principal pola man esquerda que, frecuentemente, acumulaba auga que proviña dun antiga billa que servía para abastecer as necesidades do cemiterio.

Ambas versións sinalan dous lugares concretos dentro dun espazo amplo situado á marxe esquerda da porta principal do cemiterio, tal e como recorda a filla da vítima, Manuel García. Calquera das dúas foron consideradas hipóteses perfectamente plausibles e foron zonas nas que se levaron a cabo catas (figura 6). Con todo, cabe mencionar unha última versión ofrecida por un veciño do lugar que sinala que o lugar onde enterraban aos “fusilados” era á marxe dereita da porta principal. De forma exacta, unha área que na actualidade está ocupada por tumbas de nenos e bebes dos anos sesenta, polo que, levar a cabo calquera tipo de intervención no terreo sería inviable (figura 5).

Tivemos en conta certos datos importantes que nos achegaba a bibliografía local sobre unha posible intervención posterior na fosa. A irmán das vítimas, Perfecto Félix e Antonio Vilas, que era criada do cura, e fixo presión pouco despois de que foran enterrados para que as autoridades investigaran como sucederon as mortes. Parece ser que o cura de Vilacoba falou co xulgado de Noia e días despois levantaron os cadáveres para buscar responsabilidades e efectuar autopsias. Pero finalmente, a cuestión quedou en nada, pero descoñecemos que pasou cos corpos.



Figura 3. Área sinalada como posible localización da fosa. Fonte: fondo Histagra



Figura 4. Detalle da zona sinalada como localización da fosa onde o muro presenta certas particularidades. Fonte: fondo Histagra



Figura 5. Área sinalada como posible localización da fosa onde se atopan tumbas de bebés.
Fonte: fondo Histagra



Figura 6. Vista xeral do cemiterio onde se sinalan as dúas entradas e toda a área na que se sitúan as dúas hipóteses máis plausibles sobre a localización da fosa. Fonte: Google Earth

6. Intervención na fosa: sondaxes, escavación, inhumación e difusión

Tal e como podemos observar con detalle nos informes arqueolóxicos e forenses, realizáronse catro sondaxes seguindo, fundamentalmente, as hipóteses de partida que seguían as indicacións da fonte oral, subministrada por parte dos familiares de Manuel García Hermo. Todas elas foron negativas, ao atoparse a uns escasos 20-30 cm. co substrato xeolóxico, pero, na ampliación da segunda sondaxe cara o muro exterior, apareceu unha posible fosa. Posteriormente, escavouse e atopáronse restos en moi mal estado de conservación, pero realizouse a inhumación xa que por sexo, idade, características físicas e posición do enterramento, podería ser compatible coa persoa que buscabamos, Manuel García Hermo.

Durante os traballos na fosa, ademais da intervención arqueolóxica, sucederon varias cuestións interesantes para completar o informe histórico previo e para favorecer a difusión da actividade do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática. Diversos medios de comunicación local fixeron eco da noticia, todo o proceso foi seguido polo colectivo audiovisual “Lentes diverxentes” e recibimos a visita de veciños do lugar, da alcaldesa de Lousame e do alumnado de 2º de Bacharelato e 4º da ESO do IES Leliadoura de Ribeira. Todas estas experiencias permitiron recompilar novos datos e informacións sobre a historia do cemiterio, constatar o descoñecemento dos locais sobre a localización exacta da fosa ou coñecer a xestión actual dos enterramentos na parroquia; pero, tamén amosaron apoio loxístico a todos os traballos de campo ofrecendo materiais propios e a súa completa dispoñibilidade. A súa colaboración tamén nos permitiu localizar un enterramento alleo ao noso obxecto de estudo dentro das áreas das sondaxes, polo que se traduciu nunha relación moi frutífera. No que respecta ao poder local, a alcaldesa Teresa Villaverde, visitou os traballos na fosa e puxo á nosa disposición todos os

recursos que dende o concello puideramos necesitar para levar a cabo o noso traballo. Finalmente, a interacción cos centros educativos da zona permitiunos conectar, unha vez máis coa sociedade, e incorporar nos currículos educativos, dende un punto de vista multidisciplinar, a abordaxe no presente dunha das problemáticas do noso pasado máis recente, relacionado coa xestión da memoria do golpe de Estado de 1936, da guerra civil e da retagarda.

Como último, cabe mencionar o eco que tivo na prensa local a intervención en Lousame, dando a coñecer á cidadanía os traballos desevoltos (figura 13).



Figura 7. Inicio dos traballos arqueolóxicos no cemiterio antigo de Vilacoba




Figura 8. Proceso de inhumación dos restos por parte do equipo de Tempos Arqueolóxicos no antigo cemiterio de Vilacoba



Figura 9. Aspecto que presenta unha das zonas nas que realizaron as sondaxes e a inhumación tras os traballos arqueolóxicos



Figura 10. Aspecto que presenta outras das zonas nas que se realizaron as sondaxes tras os traballos arqueolóxicos



Figura 11. Visita do IES Leliadoura á fosa do cemiterio antigo de Vilacoba



Figura 12. Detalle da visita do IES Leliadoura á fosca do cemiterio antigo de Vilacoba

O Barbanza

Diario dixital da comarca

INICIO BARBANZA-AROUSA ▼ MUROS-NOIA ▼ COMARCA DEPORTES MAR E AGRO OPINIÓN REVISTA EN PAPEL

O Goberno financiará a exhumación dunha fosca de vítimas da Guerra Civil en Lousame

© Agosto 11, 2022 S.P.

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, informou esta semana que o Executivo central apoiará de novo a procura, identificación e dignificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a ditadura en Galicia". Farao cunha achega de 104.161,33 euros á Xunta para actuar sobre tres fosas comúns nas provincias da Coruña e Ourense. Unha partida que, subliñou o delegado, reflicte o "compromiso do Goberno de Pedro Sánchez coa reparación da memoria das vítimas do franquismo", en liña coa nova Lei de Memoria Democrática, aprobada o pasado mes de xullo.

BUSCAR

BUSCAR ...

PUBLICIDADE

#aculturasegue

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

Para ti

Figura 13. Titular de *O Barbanza*, 11/8/2022.

Bibliografía

Xerardo Agrafoxo Pérez, *A Guerra civil en Lousame e Noia: 1938-1939: o tripe crime de Marselle, a traxedia do Baleares*, Lousame: Concello de Lousame, 1999.

Xerardo Agrafoxo Pérez, *1937, a guerra civil en Lousame e Noia: o fusilamento de David Mariño Ramos (Presidente da C.N.T.)*, Lousame: Concello de Lousame, 1997

Xerardo Agrafoxo Pérez, *1936, a guerra civil en Lousame e Noia: testemuñas dunha represión*, Lousame: Concello de Lousame, 1995.

Elixio Villaverde García, *Heroes e mártires. A Segunda República e a guerra civil no Barbanza*, Santiago de Compostela: Tórculo.

Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, *Do Sar o Monte Louro. Memorial da represión, 1936-1050*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2019.

Xesús Pérez Besada, “Aspectos da represión franquista no concello de Ribeira (1936-1939)”, *Barbantia*, nº 2 (2006), pp. 121-131.

José Antonio Pérez Fernández, “Voces da memoria, Ribeira da II República á represión”, *Barbantia*, nº 2 (2006), pp. 132-141.

José Antonio Pérez Feenández, “Guerra civil e represión nos concellos da Pobra do Caramiñal e Ribeira”, en VVAA, *Actas das III Xornadas de Historia e Cultura. A II República e a guerra civil na bisbarra da Barbanza*, Porto do Son: concello do Porto do Son, 2004, pp. 39-48.

José Antonio Pérez Fernández (Ed.), *Diarios de Julio Silva*, Ribeira: CRMHB, 2019.

Fontes

Arquivo municipal de Lousame

- Libro de actas da sesión do pleno (1936-1939), sin. 11/3
- Libro rexistro de defuncións (1936-1940), sin. 1237/2, 1237/3, 1234/4 e 1234/5
- Expedientes do cemiterio

Arquivo municipal da Pobra do Caramiñal

- Expedientes de recrutamento (1919)

Arquivo Diocesano

- Documentación suelta, Vilacoba (1820-1977), sin. PO22562
- Libros sacramentales, Vilacoba (1885-1939), sin. PO22544

Arquivo do Reino de Galicia

- Correspondencia (1936), sin. 32456, 32613
- Libro registro correspondencia de salida (1933-1936), sin. 34635
- Expedientes de ayuntamientos (1936), sin. 32380
- Expedientes de ayuntamientos (1937), sin. 33309
- Expediente 51335/7, “Causa formada polo xulgado de Noia sobre a aparición do cadaver dun home descoñecido que resultou ser Manuel García Hermo”.
- Expediente 51338/14, “Causa formada polo xulgado de Noia sobre a aparición dos cadáveres de Antonio Vilas e María Josefa Becerra Laiño no monte de Marselle en Santa Eulalia de Vilacoba, Lousame, mortos por disparos de armas de fogo”.

Galiciana

- Actas do pleno do concello de Ribeira (1936-1939)

Terra e Memoria

- Entrevista nº 15, realizada por José Antonio Pérez Fernández, o 15/2/1988 en Palmeira (Ribeira), fondo Historga.
- Entrevista nº 52, realizada por José Antonio Pérez Fernández, o 22/1/1989, en Palmeira (Ribeira), fondo Historga.
- Entrevista nº 112, realizada por José Antonio Tojo Ramallo, o 13/4/1989, en Sabardes (Lousame), fondo Historga.
- Entrevista nº 1720, realizada por José Antonio Tojo Ramallo, o 13/4/1989, en Sabardes (Lousame), fondo Historga.

Fundación Luís Tilve

- Rexistro de filiacións de UGT.

Arquivo Intermedio Militar del Noroeste

- Causa 456/36, caixa 31.

Documentación entregada polos familiares de Manuel García Hermo

- Acta de nacemento
- Acta de defunción no rexistro civil de Lousame
- Certificado literal de inscrición de defunción no rexistro civil de Lousame